



BOP

SÁBADO, 2 DE OUTUBRO DE 2021

N.º 228

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

O presente documento estará
exposto no balcón de
Anuncios da Deputación
desde o día 04 OCT. 2021
ata a día 04 NOV. 2021
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 29 DE SETEMBRO DE 2021 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE TRES (3) PRAZAS DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICO/A (FP), DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS/AS

AUXILIARES, GRUPO B, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, CORRESPONDENTES ÁS OEP DOS ANOS 2017 E 2019 (BOP núm. 101, do 06.05.2021).

"Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 23.04.2021, apróbase a convocatoria e as bases específicas que rexerán o proceso selectivo para a cobertura de tres (3) prazas de Técnico/a Superior Informático/a (FP), da Deputación Provincial de Lugo, escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, grupo B, polo sistema de concurso-oposición, quenda libre, correspondentes ás ofertas de emprego público (OEP) dos anos 2017 e 2019 (BOP núm. 101, do 06.05.2021).

As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas OEP, acceso libre (cota xeral ou cota discapacitados) foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

Por resolución da presidencia do 09.08.2021 apróbase a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as e o nomeamento do Tribunal Cualificador do procedemento selectivo. Na listaxe provisional figuran como excluídos: Don Samuel Alonso Pérez, Don Jorge Da Cunha López e Don Jorge Rodríguez Vila.

O motivo da exclusión da listaxe provisional é non acreditar estar en posesión de ningunha das titulacións académicas esixida na base específica 5.1:

"Titulación de Formación Profesional de grao superior da familia de informática e comunicacións da LOE: Técnico/a Superior en Administración de sistemas informáticos en rede; Técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma; Técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións web.

Títulos de Formación Profesional de grao superior da Familia de Informática da LOGSE: Técnico/a Superior en Administración de sistemas informáticos; técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas.

Títulos de Formación Profesional de grao superior da familia de electricidade e electrónica da LOE ou LOGSE: Técnico/a Superior en sistemas de telecomunicacións e informática".

A argumentación da motivación da exclusión, que tamén figura na listaxe provisional, sinala literalmente:

"Na convocatoria esíxense Titulacións dos Ciclos Superiores de Formación Profesional, é dicir de técnicos Superiores, por ser prazas incluídas no Grupo B.

O grupo B que define o artigo 76 do EBEP resérvase exclusivamente para os técnicos superiores (Ciclos Superiores de Formación Profesional), dentro do novo esquema de titulacións da LOE e normativa de desenvolvemento (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación e RD 1147/2011 do 29 de xullo. A dita reserva tamén se recolle na Resolución da Secretaría Xeral de Administración Pública de 21.06.2007 (BOE núm. 150, do 23.07.2007).

Os títulos de FP II de lexislacións educativas anteriores só alcanzan parcialmente o currículo formativo e competencias dos especificados novos títulos de técnico superior, segundo se recolle nas disposicións indicadas, que recollen as equivalencias existentes, e polo tanto son insuficientes para atender aos cometidos da praza/posto convocado".

Dentro do prazo de emenda de erros e alegacións á listaxe provisional que remataba o día 16.06.2021 (Base Xeral 5.3), preséntanse alegacións por dous dos aspirantes excluídos: Don Samuel Alonso Pérez (2021RT013346 do 20.08.201) e Don Jorge Da Cunha López (2021RPE024297 do 24.08.2021).

Visto que Don Samuel Alonso Pérez, acredita na súa alegación estar en posesión do Título de Técnico Superior en Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos, que figura dentro dos esixidos na dita base específica para poder participar no proceso selectivo, procede aceptar a alegación e incluír ao aspirante na listaxe definitiva como admitido

Vista a alegación presentada por Don Jorge Da Cunha López na que solicita que se inclúa como admitido na listaxe definitiva por acreditar estar en posesión do título de Técnico Especialista, rama electricidade e electrónica, expedido no ano 1999 (estudos e expedición do título regulados no Decreto 707/1976 do 5 de marzo, e Real Decreto 1564/1982, do 18 de xuño respectivamente), especialidade equipos de informática, ao considerar que é equivalente ao título de Técnico/a Superior en Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos, sinalar que, a maiores do xa recollido na argumentación dos motivos da exclusión na listaxe provisional:

a) Os requisitos necesarios de acceso para os estudos de FP de técnico especialista e de técnico superior son diferentes

- Para matricularse nos antigos estudos de FP II, técnico especialista, tiñas que ter cursado 3 anos de BUP, equivalente á 1º de bacharelato actual.

- Para matricularse nos actuais estudos de FP de Técnico Superior accédese co novo título de Bacharelato que comprende o antigo 3º de BUP e COU.

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 02.10.2021
ata a día 02.11.2021
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

b) O Grupo B, créase na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, artigo 76, para prazas cuxo requisito de titulación para participar sexa acreditar estar en posesión do título de Técnico Superior.

c) As equivalencias do título que acredita o interesado " técnico especialista" co de "técnico superior" recollidas no RD 883/2011, así como na lei orgánica 2/2006 de 3 de maio e anteriores, son a efectos profesionais e académicos, non recolléndose de forma expresa que o título de técnico especialista sexa equivalente a efectos de acceder a unha praza do Grupo B.

d) Non se acompaña á alegación do interesado certificación do Ministerio de Educación (organismo que ten encomendado a expedición das equivalencias) que acredite que o título que posúe o interesado é equivalente ao que se esixe na convocatoria para acceso ao Grupo B da administración. Esta equivalencia non pode recoñecerse de oficio polo organismo convocante do proceso selectivo.

Como consecuencia procede non admitir a alegación e que o interesado continúe como excluído na listaxe definitiva, xunto co outro aspirante que non presentou alegación.

En base ao anteriormente exposto e vista a base xeral 6.2, propónse á Presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Resolva:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo:

A.- Admitidos/as:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI
1	Alonso Pérez, Samuel	***6998**
2	Anido López, Rubén	***5104**
3	Cabodevila Pividal, Mateo	***7669**
4	Castro Begide, José Antonio	***4395**
5	García Arias, Alberto	***7396**
6	García Novo, Jairo	***4346**
7	Garea Iglesias, Mario	***5716**
8	Gómez López, Roi	***4895**
9	Grandío Arias, Tomás	***1793**
10	López Adrio, José Manuel	***4549**
11	Muras Rodrigo, José Manuel	***4795**
12	Pita Blanco, Juan	***0035**
13	Prada Ruíz, Román	***6560**
14	Ramberde Irimia, Iván	***3960**
15	Ramos Pérez, Ismael	***1894**
16	Randis Da Pena, José	***2273**
17	Rodríguez Blanco, Pablo	***3655**
18	Sánchez López, Víctor Manuel	***1702**
19	Varela Pérez, Manuel Ángel	***8659**
20	Varela Piñeiro, Adrián	***8659**

O presente documento estará
 exposto no 04 OCT 2021
 Anuncios desde o día 04 OCT 2021
 até o día 07 NOV 2021
 O XEFE DA UNIDADE
 PORTERÍA E VIXIANCIA

B.- Excluídos:

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
Da Cunha López, Jorge	***2728**	- A maiores do sinalado na listaxe provisional de admitidos: Non aportar certificación expedida polo organismo do Ministerio de Educación a equivalencia entre o título de Formación Profesional que acreditan de Técnico especialista con algún dos solicitados para participar como requisito na convocatoria de acceso ao Grupo B do EBEP
Rodríguez Vila, Jorge	***3408**	Idem.

2º.- Citar ao Tribunal para que compareza o luns día 8 de novembro de 2021 ás 9 horas no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

3º.- Citar ás persoas aspirantes admitidas e ao Tribunal para que comparezan o martes día 16 de novembro de 2021 ás 9 horas no Salón de Plenos da Deputación Provincial de Lugo a efectos da realización do Primeiro Exercicio da fase de oposición.

4º.-Publicar a presente resolución no Taboleiro de Edictos, na páxina web da Entidade e no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes a partir do día seguinte o da publicación desta Resolución no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende o día seguinte á citada publicación sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

Pazo Provincial, 30 de setembro de 2021. A secretaria xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2832
O presente documento estará
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 04 OCT 2021
ata a día 04 NOV 2021
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA DE VIXANCIA